

Advertido erro na Resolución do 2 de xaneiro de 2020, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se convoca a preselección por concurso público de méritos, para poder concorrer á vindeira Convocatoria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a atracción e retención de talento investigador na categoría de persoal investigador distinguido nas universidades do Sistema universitario de Galicia, e ao abeiro do **artigo 109.2 da lei 39/2015**, do 2 de outubro, do procedemento administrativo, que establece que “*as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*”, procédese a corrección de erros do apartado Avaliación e preselección das solicitudes dentro da modalidade de RETENCIÓN.

Polo tanto, **onde di**:

“A avaliación e preselección a realizarase de acordo co baremo que se sinala a continuación:

**Méritos curriculares da persoa candidata. Puntuación de 0 a 100 puntos.**

*1º. Relevancia e contribución da persoa candidata nos artigos publicados en revistas científicas, os libros ou capítulos de libros científicos e técnicos, os traballos presentados en congresos, as patentes concedidas ou licenciadas e, en xeral, calquera outra achega que permita valorar os diferentes aspectos da investigación, incluíndo a transferencia de tecnoloxía. Puntuación: de 0 a 60 puntos”.*

**Debe decir:**

“A avaliación e preselección a realizarase de acordo co baremo que se sinala a continuación:

**Méritos curriculares da persoa candidata. Puntuación de 0 a 100 puntos.**

*1º. Relevancia e contribución da persoa candidata nos artigos publicados en revistas científicas, os libros ou capítulos de libros científicos e técnicos, os traballos presentados en congresos, as patentes concedidas ou licenciadas e, en xeral, calquera outra achega*

*que permita valorar os diferentes aspectos da investigación, incluíndo a transferencia de tecnoloxía. Puntuación: de 0 a 50 puntos”.*

Santiago de Compostela,

O Reitor,

Por delegación R.R. do 20/6/19, DOG 29/06/2019

O Vicerreitor de Investigación e Innovación

Vicente Pérez Muñuzuri